

PROPOSTAS DE CONSENSO PARA O SECTOR FORESTAL DE GALICIA

A sustentabilidade do monte é fundamental para o futuro do rural e de Galicia nun contexto no que a falta de alternativas e de ingresos conduce ao despoboamento do rural e ao abandono do territorio, aumentado o risco de incendios. Para reverter esta situación resulta necesario, entre outras cuestións, un cambio na política forestal e na percepción do rural por parte do conxunto da cidadanía.

No futuro, o monte está chamado a xogar un papel importante no proceso de transición cara a bioeconomía, e Galicia ten aquí unha oportunidade derivada das súas condicións climáticas e edafolóxicas das que debe tirar proveito para converterse nun modelo de desenvolvemento sostible, que potencie a obtención de produtos forestais rendibles para lograr a fixación de poboación nun rural con elevada calidade de vida e de xeito compatible coa conservación dos valores e procesos naturais.

Para logralo cómpre superar a excesiva fragmentación da propiedade, simplificar a normativa que afecta á xestión do monte, mellorar a xestión, diversificar os produtos, avanzar nos procesos de ordenación e certificación forestal, fomentar a formación e a innovación..., cuestións estas que se analizan neste documento de consenso, elaborado a partir das reunións celebradas en Santiago de Compostela os días 12 de decembro de 2017 e o 26 de xaneiro de 2018, organizadas conxuntamente pola Fundación Juana de Vega e o Cluster da Madeira e do Deseño de Galicia.

1. O futuro do medio rural dependerá da súa capacidade de xerar valor e do seu recoñecemento social.

- O monte é un recurso estratéxico en Galicia, de gran transcendencia económica, social e ambiental.
- O monte é máis que madeira, trátase de ecosistemas forestais integrados por plantas, animais, substratos e atmosferas que se relacionan entre si e coas súas contornas proporcionando importantes beneficios ambientais para as persoas que habitan nas súas inmediacións e a sociedade no seu conxunto.
- A ordenación e a certificación forestal garanten unha xestión do monte:
 - Economicamente viable sen comprometer a sostibilidade dos recursos forestais.
 - Socialmente beneficiosa, para que tanto as poboacións locais como a sociedade no seu conxunto gocen dos beneficios a longo prazo dos ecosistemas forestais.
 - Ambientalmente apropiada porque todas as actuacións desde a planificación ata o aproveitamento dos recursos forestais, contribúen a manter a biodiversidade, a produtividade e os procesos ecolóxicos do monte.

- A diversificación é necesaria, mesmo imprescindible, non só desde un punto de vista económico, social e tamén ambiental, senón xa como criterio básico de investimento.
- A actividade forestal é unha das actividades que máis contribúe a complementar rendas no rural, e xunto coa agricultura, a gandería, o silvopastoreo e o desenvolvemento doutras actividades económicas, axudarán a evitar o despoboamento do rural.
- Precísanse apoios públicos no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) para incentivar que o monte que está sen xestión, a poida ter; así como medidas efectivas que contribúan á mobilización produtiva do monte e de propietarios que na actualidade non o xestionan.
- Cómpre un marco legal que incentive o aproveitamento produtivo sustentable do territorio. O monte está chamado a xogar un papel fundamental na bioeconomía e na economía circular.
- Precísanse medidas para compensar a propietarios de montes suxeitos a restricións de aproveitamento por razóns de conservación da biodiversidade e de espazos naturais. O que non estea retribuído polo mercado e beneficia á colectividade, debe ser soportado polo conxunto da sociedade.
- É necesaria unha maior concienciación cidadá que permita un recoñecemento social das actividades que desenvolven os bos xestores do territorio, e particularmente do labor dos propietarios e xestores forestais cando sexan sustentables e socialmente beneficiosas.

2. Sustentabilidade social, ambiental e económica. Cómpre rachar coa dicotomía medioambiente/produción.

- O monte debe ser viable economicamente, en caso contrario producirase o seu abandono e deixará de cumprir moitas das súas funcións económicas, sociais e ambientais.
- Para asegurar a sustentabilidade económica do monte, os recursos que xeneran deben orientarse ás demandas mundiais, garantindo en todo caso a sustentabilidade ambiental e os usos sociais do monte.
- A industria dos contratos “chave en man” (Contract) e o Deseño representan unha oportunidade para orientar a oferta e valorizar o recurso forestal.
- En Galicia existen especies autóctonas que poderían ser economicamente rendibles, pero que apenas se plantan debido á inseguridade xurídica do seu aproveitamento futuro derivada da propia Administración que, pretendendo promovelas, acaba disuadindo aos propietarios de plantalas.
- Reclámase a necesidade de acuñar un novo termo “Superficie Silvícola”, de significado similar para o monte ao que se emprega para o ámbito agrario de “Superficie Agraria Utilizada”.
- Cómpre unha ordenación dos usos conforme a aptitude produtiva do territorio e as súas funcións sociais e ambientais. Esta ordenación dos usos contribúe a orientar aos xestores do monte sobre as mellores alternativas produtivas e achega sinerxías que poderán ser aproveitadas polos silvicultores da zona.

3. Cómpre superar os problemas do abandono do rural.

- A concentración da poboación nos núcleos urbanos da franxa atlántica de Galicia conduce ao abandono da xestión do monte e ao incremento do risco de incendios forestais, coa consecuente perda de produtividade, riqueza e xeración de valores ambientais fundamentais para o desenvolvemento sostible de Galicia.
- En consecuencia, é de xustiza interterritorial e interxeneracional garantir á poboación rural unha boa calidade de vida e un axeitado acceso aos servizos básicos para garantir a viabilidade demográfica do medio rural, imprescindible para a sustentabilidade social, económica e ambiental do mesmo.
- A actual estrutura da propiedade actúa como factor que dificulta o aproveitamento produtivo do territorio ao lastrar a ordenación e a xestión conxunta do mesmo.
- Recoñécese a contribución dos rematantes a superar os problemas do minifundio organizando cortas e agrupando aos propietarios, xunto co papel desenvolvido pola industria, as asociacións de propietarios e as entidades relacionadas coa certificación forestal.

4. Potenciación de actuacións de base colectiva e comunitaria que permitan superar os problemas do minifundio e impulso da certificación forestal.

- Cómpre sacar maior proveito dos montes veciñais en man común que, sendo instrumentos de xestión colectiva, presentan en moitos casos problemas derivados da súa natureza xurídica e da súa escasa base social.
- Recoñécese a importancia da xestión colectiva do monte e acredítase que as SOFOR non funcionan axeitadamente en moitas situacións por diversas dificultades, entre elas a dunha maior fiscalidade que a que soportarían os propietarios individuais. En consecuencia resulta prioritario buscar outras fórmulas de base colectiva con incentivos fiscais favorables, así como novas fórmulas para o financiamento do investimento forestal.
- A certificación forestal contribúe á conservación da biodiversidade, á xeración de emprego e riqueza e a unha maior valorización comercial do produto forestal. A certificación contribúe por tanto a unha tecnificación da xestión forestal.
- A certificación fomenta o valor tanxible e intanxible (imaxe, reputación,...) das empresas e apoiase na decisión soberana do consumidor responsable.
- A certificación contribúe á sustentabilidade económica por medio da xeración de valor e dunha maior calidade do produto forestal asociada a unha xestión ambientalmente apropiada e socialmente beneficiosa.

5. Simplificación e clarificación da normativa vixente, cun marco claro e a longo prazo na ordenación xeral do territorio.

- O futuro do rural vai depender en gran medida de novos investidores que, contribuirán á unha transformación do rural que deba ser de xeito sustentable.
- Cómpre incentivar e favorecer aos propietarios do monte que fagan xestión forestal coas mellores técnicas dispoñibles desde os puntos de vista social, ambiental e económico.
- Liberdade, dentro do marco normativo, para que o silvicultor decida o que considere mellor para asegurar o seu medio de vida e a sustentabilidade do seu monte.
- A Xunta de Galicia debe sentar as bases legais para o aproveitamento sustentable do monte, aplicando o mellor coñecemento dispoñible, e para favorecer o investimento e a xestión eficaz do mesmo.
- Galicia precisa un marco normativo claro e a longo prazo na ordenación xeral do territorio, que require dun amplo consenso parlamentario.
- As normativas nacional, autonómica e local deben simplificarse e adaptarse ás tendencias globais na xestión e ordenación forestal para mellorar a competitividade do sector, garantindo sempre os piares social e ambiental da sustentabilidade.
- A Administración debe executar os recursos públicos contemplados no Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) que, a día de hoxe, presentan só un 20% de execución.

6. Concienciación social sobre os valores do monte.

- Debemos manter un medio rural vivo e diversificado e transmitir o seu potencial económico para que a sociedade coñeza as oportunidades que representa e os servizos intanxibles que proporciona.
- Precísase prestixiar socialmente as actividades do rural dando a coñecer iniciativas xeradoras de riqueza e emprego incidindo nos beneficios sociais e ambientais que xeran para o conxunto da cidadanía.
- Os habitantes do rural en xeral, e os propietarios de montes en particular, procuran a viabilidade económica das súas actividades e son os que xestionan o territorio e garanten a súa conservación cando o fan de xeito sustentable.
- O monte é un elemento cultural de Galicia, provedor de aforro e de riqueza, que debe ser valorado polo conxunto da sociedade.
- Cómpre explicar á sociedade que se o monte non é viable economicamente (retribuído polo mercado ou apoiado polo conxunto da sociedade), tampouco será sustentable social e ambientalmente.
- Cómpre poñer en marcha accións concretas de formación e de divulgación dos valores do monte e dos bens (madeira, froitos, mel, cogomelos,...) e servizos que subministra (sumidoiro de CO₂, regulación do ciclo da auga, espazo de lecer,...) para mellorar a cultura forestal da cidadanía.

7. Formación e innovación ao longo de toda a cadea de valor para mellorar a competitividade.

- A formación, a investigación e a innovación serán claves na mellora da competitividade do sector forestal.
- Existe escasa formación no ámbito forestal e desconexión entre a oferta formativa e a realidade empresarial, polo que cómpre orientar os programas formativos ás demandas do sector.
- Cómpre dar a coñecer nos centros educativos as oportunidades de emprego e de emprendemento que representa o sector forestal.
- É necesaria unha cualificación dos postos de traballo e unha remuneración semellante á doutros sectores industriais.

8. O sector forestal debe promover a biodiversidade e o deseño de produto e avanzar cara á bioeconomía para xerar valor sostible no longo prazo

- A bioeconomía representa unha gran oportunidade mundial para pasar dunha economía baseada no emprego de recursos de orixe fósil a outra máis limpa baseada en produtos de orixe renovable como os forestais (madeira, cortiza, resina,...). Neste senso, segundo estimacións dos expertos, no 2030 en Europa haberá un déficit anual de 300 millóns de metros cúbicos de madeira.
- Cómpre incentivar a I+D+i no sector forestal, a necesaria conexión de todos os elos da cadea nesta aposta e a súa relación cos centros de investigación e as universidades, para aproveitarse das novas oportunidades vinculadas á bioeconomía e á economía circular.
- A I+D+i tamén debe xogar un papel importante para valorizar o produto forestal a través da industria dos contratos “chave en man” e do Deseño e no desenvolvemento de novos materiais e novos usos para a madeira e outros produtos forestais (cortiza, resina, froitos...), contribuíndo tamén á diversificación produtiva do monte.
- O monte debe ter un papel destacado dentro da futura Estratexia galega de economía circular.

Santiago de Compostela, 14 de maio 2018

